

EN...
AO LE DEVOU
...que el fracaso la recuperación del tiempo perdido
...EL FRACASO LA RECUPERACION DEL TIEMPO PERDIDO
...LA DEGRADACION DEL

o clausur
don




Cirolinas



BOLETIN DA ASOCIACION DE VECIÑOS DOS REMEDIOS

"A PONTE VELLA" / BETANZOS / SETEMBRO, 1978 / Nº 1



CORRUPCIÓN
EN EL

A UNIÓN FAÍ A FORZAM

Na Ponte Vella, no Mandeo, na Calle e nas Carañas é onde actúa a nosa Asociación de Veciños. Estamos legalizados desde comenzaos deste ano e o noso obxectivo é atopar solucións para os nosos problemas, previo plantexamento dos mesmos.

Ao vivir mas aforas de Betanzos non nos prestan a mesma atención que si vivísemos no centro do pobo. Non somos tan visibles. Pero somos xente como a demais, e non nos perdonan perriña en materia de impostos.

Problemas temos moitos. Vexamos, así por enriba, media ducia deles:

1) Saavedra Meneses, que non se dá amañado e veña ofrecernos explicacións e largas ao asunto;

2) O rescate da Eira Vella para uso da xente, e poñer alí, por exemplo, un parque infantil;

3) Que poñan unha cabina telefónica en Caraña;

4) O alumbrado público, tan malo entre nós;


5) A contaminación do Mandeo, sobre o que xa temos dado um comunicado á prensa; e

6) O adecentamento da calexa de Caraña.

Cando a nosa Asociación de Veciños conte con todos los veciños do Mandeo, das Carañas, da Calle e da Ponte Vella, poderá facer máis forza -a unión fai a forza- para solucionar, ou facer que amañen, os nosos problemas, que a todos nos tocan.

"O Cirolíñas" é o voceiro da nosa Asociación de Veciños, polo tanto de todos nós. "O Cirolíñas", a pesares do seu nome, non será tímido nin apoucadiño. Ollo, que eiquí as apariencias dos nomes engañan.

A unión fai a forza, insistimos. Esta Asociación de Veciños ten que ser o producto -xa o está sendo- da nosa vontade de vivir dignamente.



un pra todos
e todos pra un

-Un pouquín de historia -

Na nosa barriada é moi notable a capacidade asociativa nos seus habitantes, chéguenos con recordar a creación dunha Xunta Parroquial alá polo ano 1973 co gallo de amañar o santuario da Nosa Señora e tentar de axudar dentro das súas posibilidades ás familias más necesitadas do barrio.

Pro ben mirado os máis dados a xuntarse son os mozos. Aí están por exemplo esa pandilla de mozos da Papuxa, que tanto contribuyen a dálle adxetivo de alegre ao noso barrio, unha pandilla perfectamente organizada, composta por xente farto coñecida, querida e admirada por todo o pobo. Tamén está como exemplo de asociacionismo as distintas xeneracións de xóvenes, que tendo como centro de reunión o local social tiñan diversións comúns, formaron equipos de fútbol, orgaizaban excursións, etc..

Pois ben, todo esto poderíamos situalo como baseamento histórico da creación da Asociación de Veciños. Mais o punto de partida nun pasado máis cercano e concreto pódese situar no día da segunda xira aos Caneiros do ano 1977, na que unha pandilla de xóvenes que dende facía algúns tempos viñan disfrutando dun local pertenecente a toda a parroquia, cheos dessa alegría característica que dá o viño por esas datas, entablan unha conversa moi animada e sincera cun mozo, pertenecente a unha dasas xeneracións que pasaron polo local social, na que falan encol da idea de abrir o local a toda a xuventude do barrio. Xir den tamén opinións contrarias, pois tentárase facer anteriormente e conqueríranse solamente malos resultados.

¿Qué fixo entón esa pandilla de mozos?

Invita a tódolos máis xóvenes

O Cirolíñas/nº 1/setembro

a unhas reunións nas que se cavila en facer algo polo barrio, de darlle más vida e que non fose soio un lugar pra ir comer ou dormir, senón un centro de convivencia no que houbera xente disposta a plantear os moitos problemas eixentes e buscarlles unha posíbel solución. E diste xeito o día 30 do Nadal 77 catorce mozos asistem a unha xuntanza da que nace a Asociación Xuvenil dos Remedios, que buscó os problemas aos que compria darlles unha rápida solución no noso barrio. Isa A.X.R. decidéu dar paso á creación dunha A.V., polo que se invitou a unha serie de persoas ás que se lles espuxo a idea (que foi moi ben acollida por todos e posta en coñecemento da maior parte dos veciños).

Pasouse entón á elección dun comité executivo provisional que creara unhos estatutos, os cales foron enviados a tódolos parroquiáns xunto cunha carta na que se lles invitaba a participar nunha próxima asamblea pra discutir e aprobar ou rexeitar ditos estatutos. Os estatutos foron aprobados e elixéuse unha xunta directiva provisional encarregada de levar os trámites pra legalizar dita Asociación. E diste xeito o día 3-III-78 foi legalizada quedando inscrita no rexistro de asociacións do goberno civil como Asociación de Veciños dos Remedios "A Ponte Vella", que se ten de preocupar por tódolos problemas do noso barrio, así como tamén da organización de aitos culturais a traveso da A.X.R., que pasou a formar parte dela tendo un vocal como representante.

Na actualidade a A.V.R. conta con 170 socios e nove colaboradores, anque é de lamentar que a maioria deles sexan de número e poucos os que traballan de feito.

A.Catuxa e O Outeiro.

XOGAMO-LA VIDA EN SAAVEDRA MENESSES

Cando en Saavedra Meneses haxa mortos e feridos a moreas, será entón cando Obras Públicas se acorde de amañar esa calle.

Un camión mediodesfixo a casa nº 9. Agora que chega o inverno teremos que salir, cal - quería día, calquera hora, de día ou de noite, con polas e serrim para que os camións pesados poidan subir por esa rúa-carreteira. Os veciños da curva de Nosa Señora seguirán vendo como os coches que vienen de Ferrol se lles meten na casa hasta a cocida.

O pavimento de adoquins de Saavedra Meneses data da dictadura de Primo de Rivera (anos vinte deste século). Está gastado. Os neumáticos, especialmente si non están novos, e ainda que o estean é o mesmo, os neumáticos patinan por ese pavimento en costa e con curvas, daí a súa peligrosidade. Para maior encanto, as aceras gánanlle á más infame corredoira.

Non houbo mortos hasta agora, sí houbo feridos en accidentes. Imaxinemos que un deses camións pesados que patina e que se vai contra unha casa, que vaia cheo de gas inflamable, e que estale. O que fai pouco pasou no camping tarragonés "Los Alfaques" sería pequena cousa ao lado dese posible caso.

A nosa Asociación de Veciños está dálle que dálle para solucionar o problema de Saavedra Meneses. Xa o 1 de xunio do 77 unhos sesenta veciños escriben á alcaldía betanceira falando do asunto e pedindo unha pronta solución. O alcalde di de parte de Obras Públicas que esa calle forma parte da Nacional VI, ramal a Ferrol, e que as obras de

reparación xa están adxudicadas. Pedimos máis datos dasas obras, e dísenos que a empresa adxudicataria é "Constructora Internacional" e que os traballos no tramo O Pedrido-A Ponte Vella empezaron en xaneiro do 77 e que rematarán na Ponte Vella a mediados de xunio do 77.

Máis xestións da nosa Asociación. Pide que as obras de marras empecen pola Ponte Vella e que en todo caso se lle bote asfalto ao adoquinado, ou unha capa antideslizante. E que se señalice a curva onde se empalma Calle.

Noticias particulares dan conta de que a empresa adxudicataria se fpi ao tacho. E veleiquí a derradeira nova oficial: fai poucos días Obras Públicas comunicanós que o 16 de agosto procedeu a un bacheado de Saavedra Meneses e que eso era o pedido tanto pola alcaldía como por nós. Mentira.

E agora, visto o panorama, ¿qué?. Polo de pronto unha entrevista co delegado provincial de Obras Públicas ou co inxeniero xefe de Carreteras. Veremos o que nos din. Este é un caso merecente, o de Saavedra Meneses, de salir en pegatinas e en carteles, de que se fale del na prensa.

En Perillo ou en San Pedro de Nós os veciños cortaron o tráfico pola N-VI. ¿Haberá que facer o mesmo en Saavedra Meneses para que se acorden de nós?. Porque inda que non houbo mortos polos accidentes como neses sitios, haberáos calqueira día de segui-las cousas así.

Brais da Bouza



¿Decatáronse de que...

...os nosos ríos cada vez están más cheos de porcallada?

...o coche encarregado da recollida das basuras sube pola Calle?

...que o alumbrado das nosas rúas sigue sin ser revisado a pesares da instancia enviada ao Axuntamento con data do 29-V-78? Nela indicábase a necesidade de poñer novos puntos de luz nas rúas seguintes: Carreteira N-VI, Refoxo, Camiño de Obre, carreteira do cementerio, carreteira de Velouzás, e no Mandeo. E amañar os que non funcionan na Eira Vella, calexa de Caraña e A Calle.

...houbo unha resposta feita pola xunta directiva da A.V. na radio á intervención do socio Emiliano Otero Parga?

...polo de agora a A.V. leva feito pouco pro tenta de facer máis?

ISABIAN VOSTEDES QUE...

...o buzón de Correos do noso barrio estaráse a colocar diante da barbería de Roel nun futuro próximo despóis dunhas chamadas de atención que fixo a A.V. ao Axuntamento e a Correos?

...ás instances que se mandaron ao Axuntamento, más tarde á delegación provincial de Obras Públicas espoñendo o estado do pavimento da N-VI ao paso por Saavedra Meneses pidiendo un riego asfáltico ou un antideslizante respostáronnos que xa se atendera a nosa petición, sabendo que o único que fixeron foi bachejar?

...con respecto ao anterior, estáse a solicitar unha entrevista co delegado provincial de Obras Públicas?

...somos cento setenta socios e fai falla xente que traballe?

...que a festa dos Remedios fixé mola o mellor que poímos e que nos Alborotados Deus dirá?

Outeiro

Marcelino o pelorrico

Morréu Marcelino Vázquez Edreira ou Marcelino O Pelorrico, ou Diego Montes. Foi alá en Buens Aires, no mes de xunio deste ano. A súa edade, 77, más ou menos. Tíñase casado fai pouco, polo visto. Veu a Betanzos fará cousa de sete anos.

Porque desde o 36 faltaba de entre nós. Antes de se ter que ir por cuestións políticas, O Pelorrico era coñecido por ser home, ou mozo, amigo de troulas. Un día preméduno a Guardia Civil nos Caneiros; e traíano para Betanzos. Marcelino, seguramente sin pensalo demasiado, escapou a nado desde A Ponte Vella.

Cando andaba escapado procuraba vir á casa súa de Caraña de Abaixo cantas veces podía. Era O Pelorrico labrego, fillo de labregos, e membro dunha irmandade numerosa.

Polo seu xénero de vida puxéronlle Diego Montes, porque por aquel entón había un cantar de moda que empezaba así:

Diego Montes

es un valiente bandolero...

E Diego Montes lle quedou.

A noticia da súa morte ven no boletín anual que fan os do Centro Betanzos de Buenos Aires. Nel o presidente, Enrique Sóñora, fai a louvanza póstuma de Marcelino e presentaoo como amante da libertade, escapado do feixismo, e que sempre que iba polo Centro non se cansaba de falar de Betanzos, en concreto da Ribeira, da Ponte Vella, do río Mandeo.

Nese mesmo boletín ven O Pelorrico dando 10.000 pesos arxentinos para o novo local do Centro Betanzos. Cando veu a Betanzos dou tamén unha cantidade para o amaníñ do noso santuario.

Vaia un recordo para Diego Montes, morto ben lonxe da nosa terra.

Braís da Bouza

A Festa dos Remedios

78

¿E canto gamron?.. Ves, xa van todos de oca. Isteas e outros son os comentarios que fai a xente sobre dos membros da comision de calquer festa, pouco despois de rematada a mesma.

Hasta o de agora, na nosa barriada, non foi posible ofrecer a xente unha información completa, mais este ano, aproveitando o boletín da "Asociación de Veciños" imos poñer as cousas claras. Ao grao:

RECAUDACIONES

- a) CARANA..... 19.550 pts.
- b) MANDIO..... 26.516 pts.
- c) N. SEÑORA..... 20.450 pts.
- d) SAAVEDRA MESES..... 26.000 pts.
- e) EIRA VELLA..... 8.100 pts.
- f) CALEX..... 1.675 pts.
- g) POBO DE PINTANZOS (comercios e baros)..... 46.307 pts.
- h) VENTA DE CERAMICA..... 5.000 pts.
- i) RECARGO EN LOTERIA..... 26.000 pts.
- j) DONATIVOS ANONIMOS..... 11.978 pts.

TOTAL 185.576 pts.

FACTURAS

- a) COMPA de CERAMICA..... 12.000 pts.
- b) FESTA INFANTIL..... 2.985 pts.
- c) PERMISO DE AUTORES..... 2.300 pts.
- d) FESTA POPULAR..... 17.000 pts.
- e) ALUMBRADO..... 20.000 pts.
- f) FENOS..... 2.284 pts.
- g) PISCIS..... 75.000 pts.
- h) CALENTIROS..... 30.000 pts.
- i) FUEGOS..... 13.000 pts.
- j) COMIDAS..... 5.850 pts.) (grupos musicales)
- k) BEBIDAS..... 1.350 pts.)
- l) LAMPARA..... 125 pts.
- m) ALAMBRE..... 325 pts.
- n) GASTOS ADICIONALES..... 2.590 pts.

TOTAL 179.809 pts.

As 5.767 pts., restantes quedan no banco ao nombre da comision de festas hasta o proximo anho.

As recaudacionis sumbrónse por calles, non pra dar rivalidade, sinon pra dar o grao mais alto posible de minuciosidade. Seio queda por dar as gracias a todos os veciños e a toda a xente en xeral polo seu bon comportamento, así como a todos os grupos que fixeron que a festa fora posible.



- AGOIRO -


No curruncho norouidental da nomeada Península Ibérica, cos ollos na mar e o pensamento na terra, atópase a Nazón Galega. Asentada sobre dunhos cidos, cecais os mís vellos do continente europeo, dunha beleza sin compara; esquençida por moitos e lembrada polos seus fillos espallados polo mundo, é hoxe un pobo cheo de aldraxe e miserento.

Alguién dixo un día: "Galicia: un pobo, unha fala, unha cultura." Certo, mais os tempos, cando os seus fillos espallados polo mundo volten a os seus lares, sementen a graña nas terras verdes e húmedas, enchan as lonxas de peixe e mariscos, e fagan unhas industrias axeitadas, dirán: "Galicia: unha nazón, un idioma, unha civilización."

I eu non quero pecar de fantasioso, mais, si a nosa terra é próspera, as suas xentes traballadoras e animadas polo rexurdimento da sua cultura, non se poden facer realidade os nosos sonos?. Coido que si os tempos haberán de darnos a razón. Teremos unha Galicia rica, próspera; onde as grises fábricas non enchan de lixos a verde terra, onde os residuos non apaguon a transparencia das augas das nosas rías, e onde os nosos nenos medron ceibes, sanos e fortes, sin ter que fuxir polo mundo como os seus pais.

Confío en Galicia e coido que vos sentedes o mesmo, afinda que pensades de outro xeito. E agora pra romatar..., non millor pra escomezar, verrai conmigo: ¡viva Galicia ceibe!.

-- O MESTRE --



Colaboran: Quique Martí

X. M. Veiga

Tirado este boletín na multicopista de Formación Profesional.

Graciñas

Portada e dibuxos: Xoán Manuel Andrade Vidal

Dibuxos e Tiduas: F. M. Mestre

"S.O.S. ESTADESME MATANDO!"

INFORME DA CONTAMINACIÓN DOS RÍOS (I)

A unha semellante distancia entre Sobrado dos Monxes e o límite da provincia cruceira coa de Lugo nas estribacións da Serra da Loba, nasce o río Mandeo; Río que, desde o seu nacemento deixa xuntarse co Pai Mar, facendo a fermosa Ría de Betanzos, deixa paisaxes incomparables; Río, que foi cantado e fonte de inspiración de moitos e grandes poetas; Río, que nos deixa xeneroso as súas augas pra ir ós Canciros; Río conéedor das ledicias, asallosas, penas, angurias, e tristezas deste Betanzos que entre él e o seu fillo vinculeiro, o Mendo, regánnos por tres bandas; Río que, agora, por primeiras vez - e se cedra a derradeira - na súa longa vida chama nas nosas portas cun berro tristeiro e desesperado "ESTOU MORRENDO, ESTADESME MATANDO!"

Os ríos que noutro tempo -e non fai moi- levaban as suas augas limpas, i eran o paraíso de pescadores quo porcuraban o monxe, o reo, o salmon, a troita, a robaliza, a... ; especies que tiñan os nosos ríos en fartura, sobor de todo o monxe e a anguia; ó entrar na Ría tiñamos o cangrexo do mar, e xa nos xuncámos das mariñas tiñen os seus niños os patos, as palometas, as gaivotas, as... nembarcantes, os "homes da cña ou da escopeta" iban olliando cómo cada temporda que pasaba o peixe iba a a menos, e os voadores outro tanto; así mesmo ollabam que os ríos levaban as augas cada vez más mouras. Este proceso empurrou de catro anos pra acó. ¿A qué se debe este proceso? Pois a unha moi simple razón; veíqui:

Pouco a pouco fóreronse poñendo na Cidade dos Cabaleiros unha chea de industrias e talleres quo verten as súas porcalladas ó Mandeo e ó Mendo. Así temos que ó Mendo verten o seu fiscallo RIEGO enfronte -más ou menos- de VENTOSA, COES, perto da Ponte das Cascas; verten tamén neste río e meirando parte dos talleres da rama de automóvil -sobor de todo- e de todo tipo que hai na zona das Cascas e na Carretera de Circunvalación; ó Mandeo verten os seus "lixos" principalmente, CEVISA, que o fai na Cangrexeira, e TRADEMA que os leva a altura

de Castro, deixandoos parte nas mariñas e parte no río -ista industria podemola considerar como a quo mais mal está facendo nestes íntros á fauna, a todo isto hai que aumentar as augas dos colectores da cidade que , evidentemente, van a dar ós ríos.

Como vostedes poden supoñer -xa que isto, neste malparado país, non é unha excepción - ningunha industria parece ter depuradora, e si a ten non se nota , así hoxe calquera que teña a moral de ir polo río ou á beira del - ainda que eu recomendaria levasen caroza antigas - atoparán aparte das augas mouras, bolsas de porcallada, caixas e todo tipo de residuos humanos atopará, deixa, zonas onde o cheirume do río ó inaguantable, cisto non somentes onde teñen o seu vertido as industrias, senón en sitios como á entrada do Regoирo e á entrada dos Canciros - estes datos foronouseados polo autor e tres compañeiros o venres 15 de setembro e con marca alta -; tamén atopará, se a sorte o acompaña nese percorrido, peixe morto , tal e como se poido ver este vrao no caso das anguias.

Tendo na conta todo isto, podemos decir que están en peligro de extinción especies como a robaliza, a anguia e o cangrexo, que seguindo asituación así non tardará moi en que desaparezan do río; tamén están amenazadas de extinción todas las especies quitando ó monxe.

Non se me escapa da testa o que, quen esté movendo todo pra que non siga adiante este "asesinato" señá a A.A.V.V. dos Remedios "A Ponte Vella" - ainda que por outra banda é lóxico, xa que, ¿quién ten cura co mar senón o mariñeiro-, cada este é un problema de todo Betanzos. Por eso donde cíqui fago un chamamento a todo-los ontes vivos do pobo pra tratar este tema de moi grande importancia pra todos.

Nun vindeiro número ofreceremos datos concretos encol do grado de contaminación dos nosos Ríos.

- XOUMIÑA-



O QUE PASA EN CABANA



O NOSA SEÑORA. CASA N° 15

BUSCASE
- UNTA MORTE -

RECOMPENSA: O AMANÍO DA NOVA
SAAVEDRA-MENESES

F.D.O. MOP

RIO DE CARANA

